



Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4
27836, Muras (Lugo)
Tfno: 982-500001/12
Fax: 982-500063

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 29 DE SETEMBRO DE 2016.

Concelleiros asistentes:

D^a. Belén Chao Ramil
D. Carlos Carballés Penabad.
D. Mario Rouco Rey
D. José Danilo Requeijo Castro
D^a. Rosario Celia Rey López
D. José Pajón Penabad.

No salón de sesións da Casa do Concello de Muras, sendo as nove horas do día vinte e nove de setembro de dous mil dezaseis, en primeira convocatoria e baixo a presidencia da Sr. Alcalde Manuel Requeijo Arnejo, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario en acumulación Antonio López Vila, reúnese o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria segundo a convocatoria remitida ao efecto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, pasando a tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

1.- CONTA XERAL DO ORZAMENTO 2015. Seguidamente dáse conta á Corporación da Conta Xeral do Orzamento correspondente o exercicio de 2015 co expediente tramitado e cos documentos que a xustifican, a cal rende o Presidente da Corporación.

Visto que informada pola Intervención Municipal someteuse á ditame da Comisión Especial de Contas en sesión realizada en data 12 de agosto de 2016 e mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia Nº 192 do 22 de agosto de 2016 a Conta Xeral -xuntamente co informe de dita comisión- foron obxecto de exposición ao público durante o prazo de quince días, durante os cales, e oito máis, os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións, sen que se presentase reclamación ou alegación algunha.

Despois da correspondente deliberación e de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno da Corporación en votación ordinaria co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación a Conta Xeral do exercicio 2015, a cal presenta os seguintes resultados:

Resultado orzamentario axustado.....	195.284,70
Dereitos pendentes de cobro ao peche do exercicio.....	658.640,60
Obrigas pendentes de pago ao peche do exercicio.....	121.052,15
Fondos líquidos na Tesourería ao peche do exercicio.....	523.185,54
Remanente de Tesourería total.....	1.041.166,51

Segundo.- Dar traslado en forma regulamentada da Conta Xeral aprobada ao Tribunal de Contas e Consello de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levanta a sesión sendo ás nove horas e dez minutos, da cal estendo a presente acta e como Secretario dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde,

O Secretario,

